



**CONSIDERACIÓNS DO COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA EN RELACIÓN COAS
RADIACIÓNS ELECTROMAGNÉTICAS NON IONIZANTES (*)**

4 de maio de 2012

A exposición a radiacións electromagnéticas non ionizantes (REMNI) e a súa relación con diferentes tipos de enfermidades, algunhas delas graves como o cancro, baséase en estudos científicos publicados en revistas de investigación e en revisións científicas (informe BIOINITIATIVE¹) así como tamén en informes de distintas institucións comunicados a nivel internacional: a Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa² ou a International Agency for Research on Cancer (IARC) pertencente á Organización Mundial da Saúde³.

A pesar das repercusións graves que este tipo de radiacións pode ter sobre a saúde como son, entre outros, o incremento do risco de padecer un tumor cerebral maligno (un 40% asociado ao uso do móbil durante media hora ao día ao longo de 10 anos), redución dos niveis de melatonina (potente antitumoral natural) ou da motilidade do esperma e aínda que, de momento, non se coñecen en profundidade os mecanismos mediante os que as REMNI causan dano nos seres vivos, hai probas inequívocas respecto do seu efecto nocivo-

Dado que os estudos necesarios para coñecer os mecanismos subxacentes da acción das REMNI sobre as células precisan de individuos expostos a doses e tempos coñecidos e isto, evidentemente, non é eticamente posible xa que implicaría investigación en humanos, os estudos necesarios requirirán longos períodos de tempo. Tamén é importante un mellor coñecemento da taxa de exposición ás REMNI xa que actualmente non se realizan medicións no ambiente de forma sistemática. Tendo en conta, ademais, que as REMNI emitidas por estes aparellos afectan tanto ao usuario como, de forma pasiva, aos non usuarios, a proximidade a antenas de telefonía móbil ou a exposición a redes inalámbricas (wifi) deben ser obxecto de regulación. De feito, a Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa recomenda que todos estes dispositivos en funcionamento non superen os 0,2 V/m.

Por todas as razóns anteriormente expostas, é necesario adoptar o principio de precaución tal e como o define a propia Lei 33/2011, Xeral de Saúde Pública, do estado español, que identifica primeiro e de forma específica e inequívoca ás emisións electromagnéticas como un risco para a saúde xa que se di textualmente *“débense vixiar os riscos ambientais e os seus efectos sobre a saúde, incluída a presenza dos axentes contaminantes no medio ambiente e nas persoas, así como o impacto potencial sobre a saúde da exposición a emisións electromagnéticas”* e máis adiante indícase que se deben



Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

levar a cabo accións de protección da saúde que se rexerán polos principios de proporcionalidade e precaución que se describen como: *“A existencia de indicios fundados dunha posible afectación grave da saúde da poboación, aínda cando houberse incerteza científica sobre o carácter do risco, determinará o cese, a prohibición ou a limitación da actividade sobre a que concorran”*.

O **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** entende que hai indicios máis que fundados para que se aplique o principio de proporcionalidade e precaución sinalado pola Lei 33/2011 e pide por iso que se realicen campañas de concienciación á poboación en xeral e aos máis expostos polo seu traballo en particular sobre o perigo desta exposición, como veñen facendo algunhas institucións⁴. En concreto, as administracións públicas deberían protexer aos máis pequenos, moito máis sensibles a estas exposicións e susceptibles de estar expostos máis tempo. Para iso deberíanse tomar medidas no ámbito educativo tales como información dos riscos que supón para a súa saúde a exposición a dispositivos emisores de REMNI nos centros escolares. Con tal fin sería recomendable que nos centros escolares prohibíse o uso de teléfono móbil, dispositivos wifi ou localización de antenas de telefonía móbil nas proximidades.

A protección da saúde é unha responsabilidade de todos, sobre todo se temos en conta á poboación infantil que debe preocuparnos especialmente, pola súa maior vulnerabilidade e indefensión. É por iso, que desde o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** ofrecemos a nosa axuda ás institucións públicas co obxecto de contribuír a esta protección.

¹ <http://www.bioinitiative.org/freeaccess/report/index.htm>

² <http://assembly.coe.int/Mainf.asp?link=/Documents/AdoptedText/ta11/ERES1815.htm>

³ http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/OMS/IARC.WHO_31.05.11.pdf

⁴ <http://www.bag.admin.ch/themen/strahlung/00053/00673/03570/index.html?lang=en>

Este documento foi remitido aos conselleiros de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e á Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia

* Traducido ao galego pola APDR do orixinal:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Declaracions/COBGA_2012.pdf